




Intecmar lidera a rede de laboratorios oficiais de biotoxinas mariñas de España

María Covadonga Salgado Blanco

Dña. María Covadonga Salgado Blanco é doutora en Ciencias Químicas e licenciada en Farmacia pola USC. Desde abril de 2009 dirixe o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, centro ao que leva vinculada máis de 25 anos e que, desde setembro de 2021, é Laboratorio Nacional de Referencia de Biotoxinas Mariñas designado pola AESAN.

Foi auditora técnica para a ENAC e participou como experta nacional en 18 inspeccións da antiga FVO (hoxe SANTE Unit F). É titora e coordinadora en seminarios do programa europeo "Better Training for a Safer Food" e colabora como experta en moluscos bivalvos con grupos da Comisión Europea e a FAO.

- O Intecmar exerceu de anfitrión do encontro no que se abordaron os últimos avances no control da calidade das augas e cambios legislativos en España e na UE
- A rede de Laboratorios Oficiais de Biotoxinas Mariñas de España, composta por centros asentados en Andalucía, Cataluña, Galicia, Madrid e Valencia, celebrou o pasado mes de marzo a X reunión da rede.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), foi designado por resolución da Dirección Executiva da Aesan do 30 de setembro de 2021, como Laboratorio Nacional de Referencia de Biotoxinas Mariñas, desenvolvendo a súa actividade en todos os aspectos relacionados co control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros alimentos de orixe mariña descritos nos artigos 100 e 101 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento sobre controis oficiais).

O Intecmar, como Laboratorio Nacional de Referencia (LNR) dá servizo aos laboratorios de control oficiais da rede nacional, estando entre as súas funcións:

- coordinar as actividades dos laboratorios oficiais designados a fin de harmonizar e mellorar os métodos de análise, ensaio ou diagnóstico de laboratorio e a súa utilización;
- difundir ás autoridades competentes e aos laboratorios oficiais a información que achegue o laboratorio de referencia da Unión Europea;
- de ser necesario, impartir cursos de formación para o persoal dos laboratorios oficiais.

No cumprimento destas actividades, o Intecmar exerceu como anfitrión do encontro cos seus colegas estatais no que se abordaron os últimos avances no control da calidade das augas, cambios legislativos e a colaboración en España e na UE.

A rede de Laboratorios Oficiais de Biotoxinas Mariñas iniciou a súa andadura na década dos 2000 sendo xa unha rede consolidada da que forman parte actualmente oito institucións asentadas en Andalucía, Cataluña, Galicia, Madrid e Valencia e que recentemente celebrou a súa décima reunión nas instalacións do instituto en Vilaxoán, en pleno corazón da ría de Arousa.

Estas reunións que, dende 2021 se están a facer de xeito anual, facilitan a presentación por parte dos laboratorios asistentes das metodoloxías, cambios ou episodios tóxicos ou calquera outra particularidade que tivera ocorrido no ano anterior, e son o foro idóneo para que Intecmar, como LNR, divulgue ao resto de laboratorios oficiais a información

achegada polo laboratorio de referencia da Unión Europea ou por LNRs doutros países da UE pertencentes a rede europea de Laboratorios Nacionais de Referencia.

As reunións estrutúranse con diferentes presentacións ao longo da mañá e logo dunha comida de confraternidade sempre se organiza unha visita formativa de campo, ben a unha empresa do sector, laboratorio ou actividade extractiva.



Sesión de traballo da X Reunión da Rede de Laboratorios Oficiais de Biotoxinas Mariñas.
Intecmar 13 marzo 2025

Na cita deste ano 2025, a X Reunión da Rede Nacional de Laboratorios Oficiais de Biotoxinas Mariñas, congregou a representantes de sete das oito institucións que conforman esta malla no conxunto de España e supón para a Rede unha grande oportunidade para avanzar na coordinación entre os laboratorios afianzando vínculos a nivel nacional, estreitando a colaboración e facilitando o intercambio de experiencias, dúbidas, dificultades no control oficial que levan a cabo e mesmo difundindo achados científicos.

Nesta ocasión se abordaron as actividades do laboratorio nacional na rede europea e a actualización do método EN 15426 relativo ás toxinas paralizantes así como os últimos avances no control da calidade das augas, cambios legislativos e a colaboración en España e na UE na materia, participaron, ademais do anfitrión, Intecmar, o Centro Andaluz de Control de los Recursos Pesqueros (Andalucía); a Axencia de Saúde Pública de Barcelona; o Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria (IRTA) de Cataluña; o Laboratorio de Sanidade Exterior de Vigo; Anfaco-Cecopesca e o Laboratorio de Salud Pública de Valencia. Tamén estivo presente o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA)

pertencente a Consellería do Mar e o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia da Consellería de Sanidade.

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, non quixo perder a ocasión de saudar aos expertos e acompañar aos técnicos durante a súa visita ao Instituto salientando o orgullo que supón para a comunidade autónoma contar co laboratorio nacional de referencia en biotoxinas mariñas.



Intecmar leva máis de 30 anos sendo un centro de control á vangarda europea e mundial na identificación e detección dos distintos tipos de toxinas presentes na costa galega, cun interese duplo: a protección dos mares e o aumento da calidade das augas; e o coidado da saúde, tanto dos animais mariños como das persoas que os consumen como alimento.

Galicia conta na actualidade cunha ampla rede de puntos de toma de mostra ao longo do seu litoral que faculta, segundo destacou o conselleiro, un alto nivel de eficiencia na resposta ao sector marisqueiro e bateeiro pola necesidade de trasladar información de forma rápida e efectiva sobre as incidencias de peches e aperturas das zonas produtivas.

Unha actividade de control que se sustancia cada ano na realización do entorno dos 90.000 análises, dos cales 10.000 son referidos a biotoxinas, a emisión de máis de 600 informes do estado das zonas e a aprobación de ao redor de 400 resolucións que regulan a actividade extractiva das áreas onde se producen moluscos bivalvos na comunidade.